

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (D.O.G. Núm. 73, do 14 de abril de 2024), no exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, o seu presidente, Luis López Diéguez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. - Con data 28 de decembro de 2023, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscrición do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais.

SEGUNDO.- Con data 29 de decembro de 2023, tivo lugar a sinatura do devandito convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Deputación Provincial de Pontevedra.

TERCEIRO.- O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias da provincia de Pontevedra, a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.

CUARTO.- Nos apartados 2 e 3 da cláusula sétima do convenio referida a: "*Financiamento dos GES e servizos municipais en materia de emerxencias, prevención e extinción de incendios forestais*" establécese o seguinte:

2. A contribución ao financiamento da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES fíxase en:

Para o financiamento dos servizos municipais: douscentos cincuenta e dous mil cen euros (252.100,00 €) financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212.A.460.1.

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará centro trinta e tres mil oitocentos setenta e cinco euros (133.875,00€) para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141.A.461.1.

3. A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de prevención e extinción de incendios, para os GES, fíxase en un millón corenta e dous mil vinte e cinco euros (1.042.025,00 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo II.

QUINTO.- Mediante esta addenda, preténdese realizar unha redistribución dos importes das partidas orzamentarias correspondentes ás Direccións Xerais de Emerxencias e Interior e de Defensa do Monte, sen que en ningún caso supoña unha modificación da contía total do convenio achegada pola Xunta de Galicia.

Esta redistribución, que se establece no seguinte cadro, ten por obxecto a adecuación do financiamento en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais dos Servizos Municipais de Emerxencias de Ponteareas e Sanxenxo ao establecido para o resto dos servizos municipais nos convenios de colaboración coas outras deputacións provinciais, de forma que a achega realizada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior se destine íntegramente ao financiamento dos gastos de persoal dos Servizos Municipais de Emerxencias de Ponteareas e Sanxenxo e a achega da Dirección Xeral de Defensa do Monte se dirixa exclusivamente aos gastos dos grupos de emerxencia supramunicipais en materia de prevención e extinción de incendios.

Dirección Xeral	Importe convenio	Importe primeira addenda	Diferenza
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	252.100,00 €	304.500,00 €	52.400,00 €
Dirección Xeral de Defensa do Monte	52.400,00 €	0,00 €	- 52.400,00 €

Adáptanse tamén os códigos orzamentarios ao establecido na Orde do 25 de abril de 2024 pola que se regulan as actuacións orzamentarias e contables necesarias para a adaptación do orzamento á estrutura da Xunta de Galicia aprobada no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Polo exposto, as partes acordan asinar esta addenda, que ten por obxecto modificar a cláusula sétima, puntos 2) e 3) e os Anexos II e X do convenio asinado, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Modificación do apartado 2) da cláusula sétima

Modifícase o apartado 2) da cláusula sétima do convenio "Financiamento dos GES e servizos municipais en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais", que queda redactado como sigue:

2. A contribución ao financiamento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES e servizos municipais fíxase en:

Para o financiamento dos servizos municipais: trescentos catro mil cincocentos euros (304.500,00 €) financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con cargo á aplicación orzamentaria 35.06.212.A.460.1.

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cento trinta e tres mil oitocentos setenta e cinco euros (133.875,00€) para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 35.04.141.A.461.1.

SEGUNDA. Modificación do apartado 3) da cláusula sétima

Modifícase o apartado 3) da cláusula sétima do convenio "Financiamento dos GES e servizos municipais en materia de emerxencias e extinción de incendios forestais", que queda redactado como sigue:

3. A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de prevención e extinción de incendios, para os GES, fíxase en novecentos oitenta e nove mil seiscientos vintecinco euros (989.625,00 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 45.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo II.

TERCEIRA. Modificación do Anexo II

O Anexo II, CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES, en concordancia co anterior, modifícase no reparto dos custos de

financiamento correspondentes aos Servizos Municipais de Emerxencias de Ponteareas e Sanxenxo, quedando como segue:

ANEXO II: CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES

Zona	Sede/ subsede	Comp	Custo	Deputación Provincial	Concellos	DXEI	DXAL	CM Rural Extinción	CM Rural Prevención (
Tabeirós- Terra de Montes e Deza (Subzona Tabeirós- Terra de Montes)	Estrada, A	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Tabeirós- Terra de Montes e Deza (Subzona Deza)	Lalín	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Baixo Miño	Guarda, A	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Mancomuni- dade do Val Miñor	Mancomuni- dade Val Miñor	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Redondela	Redondela	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Mos	Mos	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €	6.428,57 €
Grove	Grove	6	160.000,00 €	64.000,00 €	12.000,00 €		7.875,00 €	72.495,96 €	3.629,04 €
Servizo municipal Ponteareas	Ponteareas	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	152.250,00 €	15.750,00 €	0,00 €	0,00 €
Servizo municipal Sanxenxo	Sanxenxo	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	152.250,00 €	15.750,00 €	0,00 €	0,00 €
Total			2.720.000,00 €	1.088.000,00 €	204.000,00 €	304.500,00 €	133.875,00 €	947.424,54 €	42.200,46 €

CUARTA. Modificación do Anexo X

O Anexo X, DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO, modifícase no reparto dos custos, quedando como segue:

ANEXO X – DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO
ANO 2024

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	Deputación Provincial	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal GES	986.000,00 €	184.875,00 €	1.170.875,00 €	989.625,00€			989.625,00€	2.160.500,00 €
Gastos correntes en bens e servizos GES	102.000,00 €	19.125,00 €	121.125,00 €		304.500,00 €	133.875,00 €	438.375,00 €	559.500,00 €
Total	1.088.000,00 €	204.000,00 €	1.292.000,00 €	989.625,00€	304.500,00 €	133.875,00 €	1.428.000,00 €	2.720.000,00 €

QUINTA. Publicidade

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEXTA. Contido non modificado do convenio

En todo o non modificado expresamente por esta addenda, seguirá sendo de aplicación o establecido no convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data consignada nas sinaturas electrónicas.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes
Diego Calvo Pouso

A conselleira de Medio Rural
María José Gómez Rodríguez

O presidente da Federación Galega de
Municipios e Provincias
Alberto Varela Paz

O presidente da Deputación Provincial de
Pontevedra
Luis López Diéguez